

REGULAMENTO LIGA GALEGA DE CLUBS SPRINT SÉNIOR Masculina e Feminina

MODIFICADO NA ASEMBLEA 13-01-2024

ADAPTADO EN CD 16-01-2024

REGULAMENTO

LIGA GALEGA DE CLUBS SPRINT SÉNIOR: Masculina e Feminina

1.- PARTICIPACIÓN

A LIGA GALEGA SPRINT SÉNIOR 2024 son competicións abertas a todos os clubs de Galicia afiliados a mesma.

Todos os padexeiros e clubs galegos, para poder participar nesta Liga deberán de estar en posesión da licenza federativa actualizada para a tempada 2024.

Os clubs que desexen participar en esta Liga deberán de inscribirse unha semana antes do inicio da mesma.

Será por Equipos: Masculina e Feminina.

Na Liga Sénior poderán participar os deportistas nados entre os anos 2005 e anteriores, agás as excepcións que se recollen no Regulamento Xeral das Ligas Galegas. A participación será unicamente como categoría SÉNIOR.

Os clubs de fora de Galicia que desexen participar en calquera das competicións que forman parte da LIGA 2024, poderán facelo sempre e cando cumplan os requisitos establecidos e as normas aprobadas pola Asemblea da F.G.P. sobre afiliacións a clubs e deportistas da tempada 2024, salvo nos distintos Campionatos Galegos a celebrar na tempada 2024 nos que non terán dereito a participar.

Os padexeiros e clubs de fora de Galicia que participen nunha competición terán dereito a súa medalla ou trofeo no caso de que lle corresponda pola súa clasificación na mesma, pero quedando excluídos dos premios en metálico en xogo.

Esta Liga é por equipos, separada entre homes e mulleres.

2.- COMPETICIÓN PUNTUABLES DA LIGA GALEGA AUGAS TRANQUILAS SENIOR 2024

Son competicións puntuables desta LIGA 2024, as que figuren como tales no calendario oficial da tempada 2024 nas modalidades de sprint.

3. - SISTEMA DE CLASIFICACIÓN POR COMPETICIÓN, CATEGORÍAS, MODALIDADES E DISTANCIAS

CAMPIONATOS GALEGOS DE FONDO

As embarcacións e distancias serán as seguintes:

Modalidade	Categoría	Distancia
Caiac Sénior	Masculina	K-1 5.000 m.
	Feminina	K2 e K-4 3.000 m.
Caiac Sub 23	Masculina	K-1 5.000 m.
	Feminina	
Canoa Sénior	Masculina	C-1 5.000 m.
	Feminina	C2 e C-4 3.000 m.
Canoa Sub 23	Masculina	C-1 5.000 m.
	Feminina	
Paracanoesénior	Masculina	K-1 e V-1 5.000 m.
	Feminina	

O número de deportistas inscritos por club é ilimitado.

Sobre o tempo do TERCEIRO CLASIFICADO no percorrido total da regata (3.000/5.000 m.), para cada modalidade e categoría, existe un TEMPO DE PECHER DE CONTROL, a efectos de puntuación positiva para os clubs. As embarcacións entradas en meta dentro do TEMPO DE PECHER DE CONTROL puntuarán positivo e o resto das embarcacións puntuarán CERO (0) PUNTOS.

- O tempo de Pecher de Control, para cada modalidade e categoría será o seguinte: Homes e Mulleres embarcacións caiac e canoa 40 seg por cada 1.000 m.

I COPA DE PISTA

Modalidade	200m	500 metros	1000 metros
Caiac Masculino sénior	K2		K2, K4
Canoa Masculino sénior	C2		C2, C4
Caiac Feminino sénior	K2, K4		K2
Canoa Feminino sénior	C2, C4		C2
Paracanoesénior Masculino e Feminino		K-1 e V-1	

II COPA DE PISTA

Modalidade	200m	500 metros	1000 metros
Caiaç Masculino senior		K2, K4	
Canoa Masculino senior		C2, C4	
Caiaç Feminino senior		K2, K4	
Canoa Feminino senior		C2, C4	
Paracanoè Masculino e Feminino senior	K-1 e V-1		

Nas Copas Galegas os clubes so poderan inscribir un máximo de dúas embarcacións por distancia. O sistema de clasificación e progresión sera o mesmo que no Campionato Galego.

CAMPIONATOS GALEGOS DE PISTA

As embarcacións é distancias serán as seguintes:

CATEGORÍA	200m	500 metros	1000 metros
Caiaç Masculino: Senior		K-2, K-4	K-1
Canoa Masculino: Senior		C-2, C-4	C-1
Caiaç Feminino: Senior		K-1, K-2 e K-4	
Canoa Feminino: Senior	C-1	C-2 e C-4	
Caiaç Masculino: Sub 23			K-1
Caiaç Feminino: Sub 23		K-1	
Canoa Masculino: Sub 23			C-1
Canoa Feminino: Sub 23	C-1		
Paracanoè Masculino e Feminino Senior	K-1 e V-1		
Canoe e Caiaç Mixto Senior		K-2 e C-2	

Os clubs no Campionato Galego de Pista so poderan inscribir como máximo de por categoría e modalidade as seguintes embarcacións: 4 individuais, 3 embarcacións dobres e 2 embarcacións cuadruples por distancia.

Os padexeiros/as que compitan na categoría Sub 23 individual (K-1, C-1), non poderán facelo como senior individual (K-1, C-1).

Todos os deportistas inscritos participarán nunha contra reloxo, agás que estivesen inscritos 9 ou 10 deportistas, neste caso disputarán unha final directa.

O tempo de peche de control na contra reloxo será o seguinte:

1.000 METROS.....	30 "
500 METROS.....	20 "
200 METROS.....	10 "

Si houberse máis de 10 inscritos en calquera categoría, os nove primeiros clasificados da contra reloxo disputarán a FINAL A e os nove seguintes a FINAL B.

Celebrarase a final B sempre e cando esta se complete cos 9 deportistas na liña de saída, no caso de que a final no esté completa non se celebrará.

Si non houberse os 9 deportistas para dita celebración, os que estean puntuarán no orde no que se teñan clasificado na contra reloxo.

Nas finais da modalidade de Pista (1.000, 500 e 200 metros), haberá un tempo de peche de control de entrada en meta en cada unha das saídas en cada modalidade/distancia, que será o seguinte despois de que entre o primeiro clasificado:

1.000 METROS.....	45 "
500 METROS.....	30 "
200 METROS.....	15 "

4.- PUNTUACIÓNS E SANCIÓNS

As puntuacións que rexeran nas Ligas 2024, serán as que indiquen os regulamentos específicos de cada competición, según sinala o presente articulado.

CAMPIONATOS GALEGOS DE FONDO 5000 e 3.000 metros

A efectos da clasificación de clubs por categoría e sexo (metacategorías), tomaranse os puntos alcanzados por:

- As 3 primeiras embarcacións de cada club que entren en tempo DE CONTROL en cada modalidade para a embarcacións K4 e C4
- As 5 primeiras embarcacións de cada club que entren en tempo DE CONTROL en cada modalidade para embarcacións K2 e C2
- As 6 primeiras embarcacións de cada club que entren en tempo DE CONTROL en cada modalidade para as embarcacións K1 e C1.

As embarcacións dun club a maiores ocuparan posto pero non puntuaran a efectos de clasificación por clubs, segundo establece o presente regulamento, sendo a puntuación: 1º Clasificado..... 70 puntos, 2º..... 67, 3º..... 64, 4º..... 62, 5º..... 61 e a partir de aquí a puntuación irá decrecendo de punto en punto. No caso de que entraran en control máis de 70 deportistas, os restantes sumarían un 1 punto.

CAMPIONATOS E COPAS GALEGAS DE PISTA

Todos os deportistas que entren nas finais A e B nas distintas distancias, modalidades e embarcacións terán as seguintes puntuacións:

FINAL A		FINAL B	
1º	36	1º	24
2º	34	2º	22
3º	32	3º	20
4º	30	4º	18
5º	29	5º	17
6º	28	6º	16
7º	27	7º	15
8º	26	8º	14
9º	25	9º	13

No caso de que foran xustamente 10 deportistas os inscritos nunha categoría, celebrarase unha única final con 10 deportistas, é este deportista nº 10 acadará 24 puntos.

Si foran 27 ou máis inscritos na contra reloxo, ademais dos puntos dos dezoito primeiros (que disputarán as Finais A e B), acadarán puntos os 9 seguintes (sempre e cando entren dentro de tempo de control) como sigue e no orde de clasificación da contra reloxo: 19º 12, 20º 10; 21º 8, 22º 6, 23º 5, 24º 4, 25º 3, 26º 2 y 27º 1.

Aqueles deportistas que non se clasifiquen en puntos para o seu club, e queden fora do tempo de control establecido para cada categoría terán unha penalización de -10 puntos para o seu club.

Cada embarcación non anulada e que non se presente na liña de saída sancionárase cunha contía de 20€ (son vinte euros) e -10 puntos para o seu club.

As embarcacións de Equipo (K-2, K-4, C-2 ou C-4), para poder puntuar por un club, deberán ser tripuladas por padexeiros do mesmo equipo.

5.- CLASIFICACIÓN XERAL DE CLUBS

Cos puntos obtidos por cada club, a tenor dos regulamentos específicos, establécese unha clasificación definitiva dos clubs galegos participantes en cada unha das Ligas, Sénior (masculina e feminina), aos que se lles dará unha puntuación definitiva que será:

1º Clas.70 puntos, 2º..... 67, 3º.... 65, 4º..... 64, 5º.....63...

Todos aqueles clubs que tendo participado nunha competición non obtiveran puntuación algunha por calquera dos seus deportistas, a efectos de puntuación para a Ligas Sénior, Masculina e Feminina, asignaráselle a puntuación do último clasificado por clubs menos 10 puntos, sempre en cando algún dos seus padexeiros entre en meta, independente de que o faga dentro ou fora do peche do control.

Tódalas competicións da Liga son puntuables para a clasificación final da Liga.

Todos os clubs que non participen nunha competición recibirán 20 ptos menos que o último clasificado, recibindo como mínimo un punto.

Para poder optar a esta puntuación, os clubs deberán de participar no 50% das competicións oficiais, no caso de ser número impar, será o 50% máis 1.

Por exemplo:

7 competicións oficiais 4 competicións obrigatorias.

Os gañadores desta clasificación serán os que sumen máis puntos unha vez disputadas todas as competicións.

Formarán parte da **Liga Galega Augas Tranquilas Sénior Masculina 1ª División** 20 equipos: en función da clasificación da temporada anterior, aplicando os ascensos e descensos.

A **Liga Galega Augas Tranquilas Sénior Masculina 2ª División** estará formada polo resto de equipos que participen nesta liga.

Ascensos e descensos: o remate da liga, os equipos que ocupen as tres últimas posicións da clasificación final de 1ª División, perderán a categoría e baixarán a 2ª División. Estas prazas serán ocupadas polos equipos que ocupen as tres primeiras posicións na clasificación final da 2ª División.

A **Liga Galega Augas Tranquilas Sénior Feminina 1ª División** 15 equipos: en función da clasificación da temporada anterior, aplicando os ascensos e descensos.

A **Liga Galega Augas Tranquilas Sénior Feminina 2ª División** estará formada polo resto de equipos que participen nesta liga.

Ascensos e descensos: o remate da liga, os equipos que ocupen as dúas últimas posicións da clasificación final de 1ª División, perderán a categoría e baixarán a 2ª División. Estas prazas serán ocupadas polos equipos que ocupen as dúas primeiras posicións na clasificación final da 2ª División.

6.- DESEMPATES

En cada competición desempatará a categoría que teña o maior número de participantes.

No Campionato Galego de Pista desempatará a categoría individual con maior número de participantes.

Na clasificación xeral da Liga Galega Sénior no caso de existir será o gañador o que teña un maior número de primeiros postos nas competicións, segundos postos, terceiros postos etc. No caso de non resolverse o empate se realizará un sorteo que dicte o gañador.

7.- OUTRAS NORMAS

Para todas aquelas norma que non se atopen estipuladas no presente regulamento nin no regulamento específico de cada regata puntuable en cada Liga, rexirase pola normativa do Regulamento Xeral das Ligas Galegas da Federación Galega de Piragüismo e do Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Real F.E.P. e polo Regulamento Nacional da especialidade correspondente e do Regulamento de Disciplina e Estatutos da F.G.P.

8.- ENTREGA DE PREMIOS CAMPIÓNS LIGAS

O premio final da Liga Galega Sénior será entregado soamente aos tres primeiros clubs clasificados masculino e feminino.

Estos premios serán entregados nun acto a determinar polar xunta directiva da F.G.P.

9.- INFORMACIÓN

Para maior información deste Regulamento, os interesados poderán dirixirse a Federación Galega de Piragüismo (Rúa Gavian s/n Centro deportivo Pontillón de Castro 36151-Verdusco- Pontevedra), Tfños de contacto: 986842106 e e-mail: kayak-canoa@fegapi.org e a páxina web: www.fegapi.org.

Vº Bº PRESIDENTE

O SECRETARIO

